

## **A DELEGACIÓN TERRITORIAL ACOLLEU A PRESENTACIÓN DO BELÉN DE BEGONTE, QUE ABRE AO PÚBLICO O VINDEIRO 2 DE DECEMBRO**

- ***O delegado territorial, José Manuel Balseiro, gabou o labor da organización, que cumpre 46 anos de traxectoria nos que o evento “traspasou fronteiras” e converteuse nun fenómeno turístico***
- ***Tamén participaron na presentación o alcalde do municipio, José Ulla, e os responsables da entidade organizadora, Xesús Domínguez Guizán e Xulio Xiz***

**Lugo, 16 de novembro de 2017.-** A Delegación Territorial da Xunta en Lugo acolleu hoxe a presentación da XLVI edición do Belén de Begonte, que abrirá ao público o vindeiro sábado 2 de decembro e, como é habitual, poderá ser visitado ata o último fin de semana de xaneiro, en concreto ata o sábado 27.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, subliñou durante a presentación o gran traballo realizado polos organizadores nestes 46 anos de traxectoria, nos que o Belén “traspasou fronteiras, é visitado por milleiros de persoas de toda Galicia e doutras provincias do entorno, e tamén sumou o fenómeno turístico ao que naceu como unha iniciativa relixiosa e cultural”. Todo elo, engadiu, “co apoio entusiasta de todo o pobo de Begonte”.

Na presentación participaron tamén o alcalde de Begonte, José Ulla, e Xesús Domínguez Guizán e Xulio Xiz, presidente e vicepresidente respectivamente do Centro Cultural Xosé Domínguez Guizán, responsable da organización.

Nesta ocasión o pregoeiro será Alfonso Cabaleiro, director de Galicia Calidade. O acto de apertura celebrárase o día 2 a partir das 18.00 horas, primeiro na igrexa parroquial de Begonte e posteriormente no Centro Cultural Xosé Domínguez Guizán, coa apertura do Belén e do Museo José Rodríguez Varela, anexo ao Belén e que leva o nome do seu creador.

O Belén, que este ano introduce dúas novas figuras, complementábase coa convocatoria de certames culturais. Así, celébrase o XXVIII Certame galego de arte José Domínguez Guizán; o prazo para presentar os traballos remata o 25 de decembro.

Organizarase en Begonte e en Lugo, na sede da Delegación Territorial da Xunta, unha exposición coas obras presentadas a este certame. Igualmente, a Delegación Territorial acollerá dende o día 15 de decembro a exposición de fotografía “Imaxes do Belén”.

O día 25 de decembro remata o prazo para presentar os traballos ao XLII Certame de debuxo infantil sobre o Nadal, e o día 6 de xaneiro de 2018 é o último para entregar os do XLII Certame nacional de poesía sobre o Nadal e o XLII Certame xornalístico Begonte e o Nadal.

**SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA DELEGACIÓN TERRITORIAL**